
Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por Pinto - 03-10-E 09:26:35

A min me sorprende, e non gratamente, a discusión xerada en torno ao futuro eólico e enerxético en Galicia. A última noticia que saía publicada referente a isto comentaba:

A Xunta ameaza ao Goberno central para impedir os parques eólicos no mar. Un estudo do Goberno central sobre as áreas potencialmente máis valiosas neste campo incluíu no seu día un sector da costa de Lugo e o litoral de Oia dende Baiona ata a fronteira portuguesa.

A instalación de aeroxeneradores no mar, unha realidade en países como Holanda e o Reino Unido que empeza a tomar forma nalgúns puntos da costa andaluza, resulta moi apetitosa para as empresas do sector. Aínda que a creación destes parques é máis cara que en terra, resultan máis rendibles porque os ventos no mar garanten unha produción sostida de enerxía.

A min me parece que isto de comparar con outros países non é bo. Se ben é certo que en Dinamarca existen este tipo de instalacións teño que aclarar que a orografía deste país non é comparable á orografía de Galicia, e menos a súa realidade económica e de infraestruturas.

Por exemplo, en Dinamarca moitos dos parques eólicos son de fornecemento de áreas locais. É dicir, que producen a súa propia enerxía. Un plantexamento máis lóxico e que dista moito do plantexamento dos parques eólicos en Galicia, no que o fornecemento dos concellos onde están instalados estes trebellos soe ser precario. E o Val Miñor non é alleo a isto. Pretender colcar un parque eólico, cunha infraestrutura de transporte da produción eléctrica con torretas de cables de alta (altísima) tensión cruzando todo o Val Miñor de extremo a extremo polo aire, e non soterrado. Pasando por riba das casas,...e depois ter parroquias en Nigrán e Parada onde teñen problemas de estabilidade da tensión eléctrica con picos de tensión (subidas e baixadas) que estraga todo tipo de maquinaria e electrodomésticos, pois parece non ter sentido ningún.

O caso dos parques eólicos no mar..por exemplo en Dinamarca. Son parques que están bastante afastados da liña de costa, e onde o calado é dun 35 metros de profundidade, algo que dista da realidade de Galicia. Por iso que o de pretender ser europeos a medias é unha política nefasta e de absoluta ignorancia.

É como dicir que en España custa máis barato a gasolina, ou que teñen que subir os prezos dos coches porque son os máis baratos de Europa. Esa non é a forma de comparar. A forma de compararnos con Europa é, cantas horas ten que traballar un empregado en España e cantas horas traballa un en Francia para pagar un litro de gasolina ou para mercar un coche. Ahí é onde esta a diferenza de España do resto da Unión Europea.

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por roxel - 09-11-E 09:32:25

Escrito por Roxel.

pois o dito, é penoso que o monte sexa un negocio. Pareceme increíble que a decisión de consentimento esté en mans dun facho de comuneiros. (o monte é deles). pois mui ben!!! pero estes muiños afectan a todo o mundo. É un problema de todos!!!!!! O MONTE É UN ESPAZO NATURAL!!!!!!

POR FAVOR COMUNEIROS REFLEXIONADE, O ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL E UNHA CHUFLA.

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por Redaccion - 09-11-E 09:33:36

escrito por EU

O penoso é que haxa quen queira manipular aos propietarios do monte.

O vento é un aproveitamento máis das CMVMC e polo tanto, son elas quen deciden se deixan ou non instalar os parques eólicos nas súas comunidades, respetando iso sí, previos os informes que sexan necesarios de medio ambiente, patrimonio, etc.

Por certo, no caso deste parque eólico, a resolución pola que se lle concede a Eurovento, fai explícito que para a súa

autorización administrativa condicionase EXPRESAMENTE o informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio.

Reflexionai vos, ecoloxistas de 4x4

=====

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por Redaccion - 09-11-E 09:34:07

Escrito por PINTO.

Unha cousa é ser ecoloxista e outra é ser tonto, parvo ou ignorante. E aquí haiche moito ignorante do tema. Que o monte é propiedade das CCMM certo é, pero iso non quere dicir que poidan facer o que queiran nel. Falemos por exemplo de Monteferro e aquel estupendo circuito de rally, ou falemos da finca do Rapón e a súa recalificación para facer un hotel no monte. dito isto, a min a noticia do presidente da CCMM do Val Miñor a paso polo arco do triunfo porque neste caso a CCMM do Val Miñor non ten moito que dicir xa que representa só un 26% de ocupación do parque eólico, o resto toca en Oia e en Tomiño.

Segundo os informes do proxecto, que eu o lin, e sobre todo o de patrimonio é unha auténtica burla cando por exemplo a dirección xeral de patrimonio non sabe que existe un petroglifo chamado da Laxe cruzada que contén o petroglifo de círculos concéntricos máis grande de Europa. E por iso agora botan as máns á cabeza e contrataron a unha empresa para catalogar todo o patrimonio que hai na Groba porque non tiñan nin puñetera idea.

Terceiro, se partido deste informe temos que fiarno do que di o resto, apaga e vámonos.

Cuarto, para colocar 21 muiños fan falla 2 millóns de metros cadrados? pero aquen queren enganar, porque non din que van a colocar 80 muiños en varias fases. E si é así están incumprindo a lei por ocultar un proxecto de marioes dimensións.

Quinto, os comuneiros non creo que decidiran nada, porque aposto o que queiras á que esas reunións onde se decidiu o cotarro do asunto non foron 6000 comuneirosa votar.

Sexto, certo é que a explotación do monte confírese ás comunidades de montes, pero é que resulta que en medio da groba vive xente, Torroña, Burgueira,... e a este xente non lle preguntaron si queren ou non un parque eólico preto da casa. Pero aquí como o Sr. Latino, viveche na parte baixa do monte, como se arde a Groba porque a el non lle afecta.

Séptimo. Non se pode chimpár un parque eólico no mellor patrimonio natural e arqueolóxico que temos enganando aos veciños, aos poucos, de que isto é riqueza e postos de traballo...isto é só un negocio nada máis, e os que fan o negocio non son os veciños. Ese son os que apandan cas consecuencias.

O que SI da cartos, e iso está demostrado, por exemplo en Asturias, son os Parques Naturais, que empregan por cada parque a máis de 300 persoas, directa e indirectamente, pero iso non interesa, o que interesa é chimpár un muiño enriba dun petroglifo sin catalogar pola xunta, que non quere dicir que non exista, gañar 1 millón de euros por cada muiño, pagarlle 6000 euros ás CCMM e ser donos de 2 millóns de metro cadrados para futuras ampliacións. O que esté debaixo, que se joda.

Pois eu digo NON ao parufe eólico na Groba. digo sí a que lle coloquen un muiño en cada unha das leiras dos que están a favor porque o que non queiras para ti, non o queiras para os demais.

=====

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por Redaccion - 09-11-E 09:34:31

Escrito por EU

1- Que te pases polo arco do triunfo o que di un representante dunha CM afectada, da mostras do teu talante e falla de respecto polo que din os propietarios do monte.

Tes o mesmo criterio que as empresas que montan o parque. Curiosamente, en certas reunións utilizades eso como argumento, para dicir que se aproveitan de certas comunidades de montes, pois non teñen % suficiente para ser decisivas.

2.- Non dubido que a dirección xeral de patrimonio non coñecera absolutamente todos os xacementos que hai na Groba, algo normal, pois non hai ningún organismo en ningún país que teña catalogado todo o seu patrimonio, maxime en Galicia, que das unha patada a unha pedra e seguro que é catalogable. A ver cando montades unha plataforma contra as pistas forestais, que mira que se teñen cargado patrimonio.

3.- Non hai por que fiarse de ningún informe, nin siquiera dos que algúns achegaron sobre patrimonio.

4.- Os 2 millóns de m2 aos que te refires non son para colocar 21 nin 80 muiños, senón, a zona de estudio para a instalación. Presumes de ter lido o informe, pero empezo a dudar de queasí sexa.

5- Eu pertenzo a unha CM, e o normal e delegar na xunta rectora a negociación. Non estou de acordo co que se lle vai pagar as CCMM, 6900 euros é unha miseria. Coido que deberían ter negociado sobre potencia instalada. Pero iso non deslexitima os acordos.

Preguntachedes vos aos veciños para constituir unha plataforma contra o parque eólico?. Consultaches siquiera cos comuneiros?.

6- Resulta que o parque eólico non se vai meter nas casas, senón no monte, a quen lle ten que preguntar son aos comuneiros. E resulta que para ser comuneiro na CMVMC de Torroña, hai que vivir en Torroña, para ser comuneiro de Burgueria, hai que ser de Burgueira, e así.....

7- Estou de acordo que o parque non debe ir enriba do patrimonio, e para iso, repito o dito, para a autorización administrativa do Albariño I condicionase EXPRESAMENTE o informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio. E si, é un negocio, que permite que a ti te funcione a vitroceramica e te libere de limpar a cociña de butano e teñas tempo para escribir aquí, como a min.

Aos veciños xa non se enganar tan fácil, a quen pretendes enganar ti?

Estou de acordo con que un parque natural da cartos, si, a uns cantos tamén, e non aos veciños, e senón vaille preguntar aos do Courel. Si xa sei, a ti gustate ir la co teu 4x4 de "finde", pero os que viven la maldita gracia que lle fai, por que ao final teñen que traballar nas pizarreiras. Conste que a min tamén me gusta ir o Courel, é precioso, nada que ver coa Groba, que sendo un lugar interesante, non se pode comparar.

Por iso eu digo, que salvaguardando o patrimonio e os valores medioambientais, Si o parque eólico se os propietarios do monte así o queren e se cumpre con todos os requisitos legais. Pois o de "enerxia eólica si, pero non aquí" xa esta moi gastado e dalle argumentos aos que defenden a enerxia atómica, e como ben dis, o que non queiras para ti non o queiras para os demais.

=====

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por Redaccion - 09-11-E 09:34:53

Escrito por EU

No punto 6) cando digo que para ser comuneiro en Torroña e Burgueira hai que ser desas parrquias, realmenterefirome a CMVMC de Burgueira, pois Torroña non ten CMVMC, xa que pertence a parroquia de Burgueira.

=====

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por Redaccion - 09-11-E 09:35:16

Escrito por PINTO

1- Porto do Molle tamén ten un área de actuación de 1 millón de metros cadrados. Iso non quere dicir que se vaia a construír en todos eses metros, pero quedan afectados pola actuación.

2- A dirección xeral de Patrimonio sí debería saber cal é o patrimonio que existe na Groba, previo á redeacción dun proxecto. Se os seus datos non están actualizados debería actualizalos, algo tan sinxelo como falar por exemplo cós entes sociais que sí levan un control dese patrimonio, por exemplo o Instituto de Estudos Miñoranos. Non creo que sexa tan difícil. En Galicia non hai tanto patrimonio como por exemplo o pode haber en Roma, mais iso non impide que ao romanos que por cada pedra que levanten e achado que atopen, si non está catalogado o vaia a encher de cemento.

3- Si non hai que fiarse de ningún informe... Porque nos vamos a fiar do informe de impacto feito pola redactora do proxecto, que seguramente non pisou a Groba? Xa que sabaido é por todos, que isto dos informe de impacto mediambientais son unha charanga para contentar á xente, xa que ningún informe de este tipo é negativo ao proxecto asociado. Sempre favorecen ao proxecto que acompañan. Por iso modificouse a lei neste sentido, porque a UE deuse de conta de que non valían para nada.

4- As plataformas civís, e eu non pertenzo a SOS Groba, constitúense por iniciativa civil. Ao igual que calquer asociación da índole que sexa. Non precisa consultar a ninguén máis que aos que a conforman. Pero iso non fai ilexítima a súa causa actuando directamente contra a administración se condieran que existen vulnerabilidades. como ocorreu en Monteferro. Onde todos os informes eran favorables, pero se demostrou que era unha obra totalmente ilegal que ía contra as popias NNSS do concello de Nigrán. Pese a que o visto bó o tiña da admsinistración local e autonómica. Os que precisamente teñen que velar por esa legalidade. sinto, pero dubido muito do indice de representatividade desa toma de decisións en assemblea, e sobre todo dunha toma de decisión de tal magnitude. Non creo que nesa votación asistiran máis do 30% dos comuneiros, como muito. Co cal, por muita decisión que tome unha directiva, non quere dicir que represente á vontade assemblearia do ersto dos comuneiros, xa non dicir dos veciños.

Isto non é unha discusión de cartos, aínda que considere que é unha miseria 6900 euros ao ano por muiño, cando o beneficio que aporta da cacharro é de 1 millón de euros ao ano, e o seu custo é de medio millón. Non é unha risa, é un cachondeo. Pero xa digo que o fondo da cuestión non son os cartos, se non o valor do lugar onde está colocado. Non estou en contra dos parque eólicos, estou a favor das enerxías limpas pero estou seguro que a Groba non é o sitio máis idóneo pero sí o máis atractivo. Recentemente Grceia publicou un informe onde deixa constancia de que a colocación dos parque esólicos nas principais illas do arquipélago grego, fixo diminuír o turismo nun 12%, e agora estan replanteando cal é a mellor ubicación destes trebellos xa que por un lado teñen que converxer á redución de CO2, pero por poutro lado non poden matar o principal motor da súa economía, o turismo. O ruído destes bichos é insoportable (exemplo parque eólico de Galicia en Ortegal) como para defrutar do entorno. A zona parece máis unha paisaxe da estepa árida que dun monte galego. E ahí entraríamos na valor da paisaxe, algo que tampoco é tanxible pero que ineludiblemente ten valor e xenera riqueza nun motor movido basicamente polo turismo.

5- Se tendemos a un turismo desestacionado, polo menos esa é a meta que se propoñen a admsinistración local e autonómica, porque ineludiblemente é o sector que prima na nosa economía. Os turistas veñen a ver o que non poden ver noutros lados. Dentro das preferencias para elixir un lugar de vacacións alternativo é, bo tempo, natureza, descanso, patrimonio e ocio. O patrimonio é un atractivo turístico de incalculable valor, pola contra os muiños de vento non o é. Si non non se entendería como por exemplo a citania da Guarda é, depois da catedral de santiago, o monumento máis visitado en Galicia. E visitar a Gaurda é quedar a comer por alí, situar á Gaurda no mapa, etc... Polo que Parque eólico versus parque natural como fonte de riqueza é incuestionable. Gañaría un parque natural que sí podería aportar riqueza a todo o Val Miñor, Tomiño e Oia. Podería dar emprego ás zonas deprimidas, e beneficio ás CM, porque aquí parece que a única riqueza que pode aportar o monte é a explotación madeireira. E iso é unaha política insostible se non é combinada con outras políticas de reaproveitamento do monte, como por exemplo a posta en valor do patrimonio con promoción de circuitos de ecoturismo. Instalación de unha planta de compostaxe para a venda de fertilizante ecolóxico, ou por exemplo a promoción de políticas de formación e emprego para a explotación agrícola nas zonas onde sexa posible dita actuación; sexa horticultura, floricultura ou produción micolóxica.

6- sobre o que dís dos veciños de Torroña, Burgueira eu discrepo moito do teu comentario. Que un veciño sexa de Torroña non implica por necesidade que sexa comuneiro. Pode ser comuneiro, pero non ten por que selo á forza. E polo que falei con eses veciños que non son comuneiros, non teñen nin puñetera idea do que é un parque eólico, de cómo é este parque eólico, de onde se vai colocar, do patrimonio e valor que ten a Groba do seu potencial e nin os donos do parque, nins a Xunta nin o concello nin se queras o seus propios veciños das CCMM,o foron quen de consultarlle como veciños: se queren aquela instalación alí. O parque eólico non vai colocado nas casas, e xa o dixen, pero sí rodeará aos núcleos rurais.

7- as autorizacións administrativas e toda a burocracia legal, non é máis que un mero trámite que se fai adhoc ao proxecto. Se o poder ecónimico presiona, os proxectos e os informes encaixan á perfección en todo isto. Poñamos por exemplo o caso de Reganosa, onde os informes e o proxecto da Regasificadora foron un engano para poder superar as trabas legais, e agora terán que recurrir a Bruxelas, si é que estos non están tamén metidos no allo. Non estou de acordo en que me beneficie no fornecemento eléctrico, e menos que esa produción enerxética beneficie aos nucleos rurais da contorna. Galicia, como quinto produtor de enerxía eólica de Europa, temos que soportar que: se estropen lavadoras, o router, ordenadores, ter apagóns en pleno verán, ou a imposibilidade de manter unha industria (unha carpintería por exemplo) ou como a chouriceira de Torroña, onde o problema da luz lle ten dado auténticos quebradeiras de cabeza aos fabricantes de chourizo de Torroña. Non nos enganes, a luz que se xenere na Groba non repercutirá no fornecemento da comarca, nin o mellorará. Eso é unha falacia, e ahí tes o exemplo de Friol, onde os veciños cederon o monte por catro pesos, enganados, para colocar un parque eólico, lle prometeron melloras no fornecemento e seguen se poder ter unha nevera na casa ou ter muxidoras para a explotación leiteira, co cal tiveron que cambiar a actividade do pobo a unha produción gandeira. Non queiras enganar, o parque eólico non repercute nin directa nin indirectamente no fornecemento da comarca. Non o fixo o plan Mega e o vai facer o Albariño. Outra cousa é que

esa instalación fose para o fornecemento directo da comarca, e seguramente chegaría con 5 muiños ou seis. Pero como ninguén mediu nin auditou cal é a situación enerxética da comarca, pois tampouco o poderemos saber.

Os veciños de Torroña ou os de Burgueira non poden escribir aquí, coma ti e mais eu porque a liña de acceso básico RTB non funciona xa que o acceso é por sistema de telefono RF para zonas rurais. O telefono non funciona ben por exemplo cando hai choiva. E se falamos de novas tecnoloxías, a cobertura 3G ou GPRS ou GSM é nula nestes nucleos onde a única cobertura que teñen é das operadoras portuguesas, polo que moita xente merca os móbiles en portugal para que polo menos poidan chamalos ou mandar un SMS sen ter que pagar eles o tramo internacional. O ADSL rural, chamado Wimax ou o Wifi, ou alomemos unha conexión a través de satélite, está ao rode do día en Asturias, precisamente nas zonas rurais. Aquí o concello coído que non sabe nin se quera o que é o WIMAX.

8- Non teño un 4x4, nin teño moto de cross, nin teño un quad. porque precisamente considero que destrozan o monte. Nótase que non tes nin idea deste tema. O Courel non é parque natural,eso é o que se está pedindo agora mesmo. O Courel non ten investimento para a promoción deste tipo de actuación porque o que interesa é o despoboamento da zona para poder facer canteiras. Como se despoboa o Courel?, moi sinxelo. Sin xerar emprego, onde non poidan dispor de farmacia, onde non poidan dispor de médico, onde non podían dispor de un servizo de ambulancia á partir das 22h. onde a ambulancia non entre no teu pobo. etc... Eso da argumento ás canteiras á establecerse ilegalmente a reventar algo que non é deles.

Os do Courel están precisamente loitando contra esa política do salario do silencio. As canteiras coma a da Campa son ilegais, dan traballo encuberto para que sexan os veciños os que se posicionen e defendan a única alternativa laboral que teñen. Sexa ou non sexa legal. Como se fixo de toda a vida en Ence.

No courel os veciños son privados dos seus dereitos como traballadores porque non son recoñecidos profesionalmente, non cotizan á SS, non teñen dereito a paro, non teñen dereito a unha baixa. Unha muller carga ao día 1,5 tm de pedras a man, cachiño a cachiño, ao máis puro estilo de outras latitudes xeográficas máis desgraciadas; producindo danos irreversibles, como xa se está vendo, na columna vertebral. O problema de silicose tampouco é recoñecido como enfermidade profesional. Estes son algunos dos danos está a xerar nos empregados ocultos destas canteiras ilegais e que a Xunta pretende legalizar masivamente. 300 canteiras nin máis nin menos.

O beneficio das canteiras está totalmente camuflado e supostamente unha canteira no courel dá beneficios de 100.000 euros ao ano, cando a realizade sábese que están xenerando beneficios de máis de 300 millóns de euros ao ano. E se está pedindo COUREL, PARQUE NACIONAL. a partir de ahí poderemos valorar si da ou non dá beneficios. Pero para iso tamén hai que invertir.

8- A Groba non é comparable. Pois eu non estou de acordo, o que pasa que a mala política de xestión propicia a degradación do propio medio. Na groba existen Fragas, pozas, arte rupestre, existen covas para a realización de activades espeleolóxicas, rutas de sendeirismo, pódense crear aulas de interpretación da natureza con albergues. Pódense recuperar a arquitectural rural das poucas casas que aínda a conservan. Poden se promover unha auténtica actividade de ecoturismo.

A recreación etonográfica destas aldeas é posible e facer partícipes aos veciños a mellor solución para impedir o despoboamento e xerar auténticos beneficios.

O lume xa desfixo gran parte deste patrimonio, onde a paisaxe que deixa é paradóxicamente a dunha paisaxe lunar. Pero peor é non facer nada para mellorara isto e favorecer outras políticas que distan moito de preservar un monte, OUI ME QUERES DICIR QUE AS CCMM PENSARON EN POR EN VALOR A GROBA?. Sabíades que a groba ten o foxo de lobos máis grande de Galicia, que ten o petroglifo de círculos concéntricos máis grante de Europa? Sabíades que o parque eólico supón á perda do valor topónimoico no monte, preto de 400 topónimos, un patrimonio inmaterial pero patrimonio en certa medida que está sendo posoto como candidato ante a UNESCO. Sabíades que hai localizados preto de 200 xacementos e petroglifos fronte aos apenas 80 que aparece nese informe patrimonial. Eso o sabíades nas CCMM? Eu sei que non porque tamén coñezo a xente da CCMM e sei que non tiñan nin idea de todo iso.

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por anduriña - 10-11-E 08:36:21

O problema do parque eólico na Serra da Groba e máis serio do que se pensa. En primeiro lugar aclarar que, os comuneiros teñen todo o dereito a xestionar as súas propiedades e, eu defenderei ise dereito e isa propiedade que considero é un grande privilexio que poucos pobos posúen e que temos que defender. Outra cousa e a xestión que moitas veces se fai con ise dereito, e aí é onde creo que como cidadáns tamén podemos opinar e suxerir. Un pode estar considerando que fai unha cousa ben e estar trabucado, ou non ver temas transversais que poden temer moita importancia. E, a todos nos pode pasar. Aos que están a favor como aos que estamos en contra. Que a xente opine e suxira, que se implique na defensa do monte, eu sempre o considerarei como positivo, pois, por desgraza todos temos ollos e estamos a ver o que moitos comuneiros están a facer cos seus montes e o estado no que se atopan moitas comunidades. Ver o monte só como unha fábrica de cartos, coído que é empobrecedor. Ver o monte como produtor de

recursos só para facer o que fan a maioría das comunidades do Val Miñor, non creo que sexa o mellor exemplo. Todos temos moito que mellorar e , tamén, que agradecer a algunhas persoas que loitan polo monte e stán aí defendendo un patrimonio dos seus pobos, pero, hai moito que mellorar se non corremos moito perigo e o soño de ver un monte organizado, rico e xerador de recursos para os seus propietarios non está en vender (ise aluguer ou cesión por 30 anos prorrogables non deixa de ser case unha venda sin data de caducidade- letra pequena do contrato-) o monte ou por elementos perturbadores, comomos muiños de vento de 125 m de altura e grandes pistas de 8 m de ancho feitas por lugares que van a ser rachados como unha sandía.

Non discuto a necesidade das comunidades para xerar recursos. Pero si podo opinar que non se pode buscar diñeiro a calquera precio. Non se pode argumentar que un é soberano para decidir o que pon no seu monte. Un monte comunal e unha propiedade privada, pero , precisamente pola súa natureza, non é un lugar de uso e aproveitamento calquera. O anacronismo entre a oirixe do monte comunal , os usos e dereitos e os tempos que corren,coido que ben vale pararse a falar con sosego do seu futuro e o seu ordenamento. Reitero, loitando sempre por que non se perda ise dereito. Pero, amigos, non perdamos a memoria e lembremos de onde vimos.é moi importante para saber a onde queremos chegar. A min entrístezeme moito que xente que estamos no mesmo tren, que queremos o mellor para os nosos montes, non teñamos o sosego para falar e debater sen recurrir ao insulto e a descalificación. Os que loitamos pola democracia, sabemos todos que usala e moi fácil, pero acadala, moi difícil. Respecto e debate e, por suposto, posta en común de ideas. Todos queremos o mellor para a nosa terra e que cad un teña o que en xustiza lle corresponde. Aportar ideas e discrepar é a razón dun país libre. Chegar a acordos e aprender cousas nova, é o que eu busco tódolos días. Cos meus mellores desexos para tódolos homes e mulleres de boa vontade, permitideme decir que Non quero o parque eólico e que espero que o monte, a serra da Groba esté cada ano máis esplendorosa e os comuneiros podan, perante moitos séculos, ser os seus mellores coidadores e gozadores das súas riquezas. É para rematar decir que o mellor tesouro non ten precio, nin se pode comprar nin vender, pero si estragar ou perder. Na Groba haino. Estase a perder. Todos temos algo de culpa. Tdos debemos defendelo por riba de interese particulares e persoais. Cando falte , non nos servirán de nada os laios. Pensade e reflexionade que pode ser.

Saúdos para todos, e debater si queredes pero, sempre con respecto . De min non vai a sacr ninguén nengunah descalificación, aínda que non esté de acordo co que propoña ou diga.

Grazas polo ler istes sentimentos.

Anduriña.

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por Eu - 12-11-E 09:39:48

Comentario escrito por EU

1- Que haxa unha superficie determinada afectada non quere dicir que se vaia encher de aeroxeneradores e vos, sabedelo ben, o que pasa é que mentides nas reunións que facedes para gañar adeptos. Decir que se van colocar 80 muiños en diferentes fases é unha falacia, pois sabedes que a autorización que lles da a Xunta é para unha potencia determinada, creo que para este parque, 43 MW, e iso non da para 80 muiños.

2- A dirección xeral de Patrimonio ten os datos que ten, e precisamente no periodo de exposición ao público, podese facer as alegacións para reclamar, e que eu saiba, xa se lle fixo chegar unha boa relación de elementos arqueolóxicos da zona, que estou seguro que van salvaguardar, como xa fixeron noutros lugares.

E como xa dixen, a resolución da Xunta, establece expresamente, que este parque só se aprobará se ten informe favorable de Patrimonio.

3- Os informes valen sobre todo para que se expoñan ao público e así, poder facer alegacións, como fixeches.

4- Eu non podo falar por todas as comunidades de montes, pero sei dalgunha que o aprobaron en Asembleas por unanimidade a negociación por parte das XRs. E se os comuneiros aproban, incluso por maioría dos presentes, delegar na Xunta Rectora a negociación, é absolutamente democratico e lexitima a directiva para facelo.

5- A representatividade da vontade decide en asemblea, o que non asiste é que non ten moito interese no asunto cando foi convocado expresamente para iso. E os veciños non comuneiros, non teñen nin voz nin voto na comunidade, era o que faltaba.

En todo caso, se aos veciños lles interesa o que se fai ou deixa de facerse no monte, o que teñen e que facerse comuneiros e traballar polo monte todo o ano, non só cando lle van quentar os cascás catro ecoloxistas de 4x4.

Que os cartos non son o único fondo da cuestión está claro, pero son unha parte da discusión, pois as CCMM poden sacar uns moi bos ingresos para investir noutras cuestións no monte, que non teñen por que perder. E sí, xa dixen que o que lles van pagar é de coña, e o ideal sería introducir unha porcentaxe sobre o rendimento final.

Eu coido que a instalación do parque eólico non é incompatible co turismo, todo depende e como se fagan as cousas,

podese poñer valor o monte, o seu patrimonio, independentemente do parque. Se algún día tes ocasión, visita a Serra D'Arga en Caminha, veras o parque eólico, os cabalos pastando, un parque de merendas con multitude de xente os fins de semana, natureza, etc

Eu non considero que o único aproveitamento do monte seña a explotación madeireira, coído que tamén se pode adicar a produción de cogumelos (este ano non), gando, posta en valor do patrimonio, plantas de compostaxe, circuitos de ecoturismo, onde por exemplo se falen das enerxias renovables, como a eólica.

6- Efectivamente, xa o comentei antes, ser veciño de Torroña ou Burgueira, non implica ser comuneiro, pois non é obrigatorio. Pero logo non pode esixirle a unha Comunidade de Montes, que é unha entidade privada, que é o que ten que facer co monte, dentro da legalidade. Se a xente tanto lle interesa o monte, debe facerse comuneira para poder contar nas decisións

7- Que as instalacións eléctricas non estén en condicións non é problema da instalación do parque eólico, vincular os problemas existentes nas instalacións coa instalación do parque non ben a conto, entre outras cousas, por que iso depende dunha empresa privada, Fenosa.

Non mezcles allos con bogallos, a que ben que fales da liña ADSL?

De todos xeitos, e xa que o mencionas, a Xunta está apostando pola tecnoloxía Wimax, e coído que incluso algún concello da comarca esta niso, pero en todo caso non ten nada que ver co tema da enerxía eólica.

8- Non me fales do salario do silencio e de contratos lixo no Courel por favor. En calquera dos bares e cafeterias no que ti ou eu tomamos un café a diario hai xente explotada, e por iso non lle chamamos salario do silencio, son exactamente iso, explotados, pero no mundo capitalista no que nos tocou vivir, iso existe en todas partes, non só nas canteiras do Courel. Só tes que lembrar a recente folga da construción, e ver o que reivindicaban, por que para poder chegar a final de mes, traballaban 10 horas diarias e asinan nominas moi por riba do que realmente cobran. E tamén defenden o seu posto de traballo.

Con isto non defendo as canteiras ilegais do Courel, zona preciosa por certo, só digo que as condicións de traballo e salariais as que te refires aínas en todas partes.

9- A Groba é preciosa, aínda a pesar do mal coidada que esta, pero non é comparable ao Courel, nin en extensión, nin no tipo de vexetación e árbores que ten....entre outras cousas, por que o feito de estar a beria do mar influe, para ben, pola paisaxe, e para mal, por que non deixa que certas especies na zona costeira nazan ou cando menos medren. Todo o que dis sobre fragas, pozas, rutas, recuperación da arquitectura....é perfectamente compatible co parque eólico, non lle vexo o problema.

As CCMM non van, pos si soas, por en valor a Groba, pero só polo feito de cuidar, repoboar, facer cortas e limpar o monte, xa están colaborando na súa posta en valor. Coa colaboración das diferentes administracións si se poden facer moitas cousas, como as que ti indicas e coas que eu estou de acordo, para por en valor o monte globalmente.

E sí, eu coñecía moitas desas cuestións, aínda que non estou de acordo con que se vai perder a toponimia por facer un parque eólico. Os sitios non desaparecen, aínda que cambien a súa forma.

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por Pinto - 12-11-E 09:44:06

Escrito por PINTO

Valgame dios, que perdediños estades nas CCMM. Pero tanto vos comeron o tarro no asunto? A ver que vos prometeron oh? Pero aínda pensades que Albariño I vais quedar así? Por favor. eu te tiña por máis intelixente homiño de dios. eu pensaba que non eras un deses comuneiros dos do 4x4 con ranchera e pegatina do cabalo atrás.

Que o parque eólico non supere os 50 MW non é casualidade homiño de dios. Os parques eólicos que superen 50 MW son de competencia do estado Español e é o Ministerio de Medio Ambiente o que ten que facer o prezado Estudo de impacto Mediambiental. Por debaixo desta potencia son competencia da Xunta. e aquí é onde está o quid da cuestión alma cándida.

As autoridades Ambientais do estado son máis serias e restrictivas que as da Xunta por eso, non é casualidade que o parque da groba sexa de 48 MW. Esta é a razón polo que se denomina Albariño primero. Logo virá o segundo, terceiro e así sucesivamente.

Na maioría dos parques eólicos que podemos ver por Galicia foron feitos así. Baixo a impresión de estar vendo un parque eólico, pero o certo é que son varios, cada un deles por debaixo dos 50 MW.

En Gondomar, xa saben que varias zonas están afectadas pola baixada de cables de alta tensión que traeran corrente do monte, e non é deste parque eólico si non doutro. E vos aínda andades así de perdedores a estas alturas?.

Con isto digo que vos venderon a motiño os de Eurovento. E tragáchedes con todo. eu dende logo non trago con isto porque vulnera claramente a Directiva 79/409/CE onde o fraccionamento de proxectos da mesma natureza realizados no mesmo espazo físico é algo que vulnera a legalidade. O proxecto presentado a exposición pública debería ser o proxecto global de instalación de aeroxeradores nas diferentes fases que se pretenden levar a cabo. Poir iso se SOS Groba está dicindo iso é porque non lle falta razón nos argumentos. Así se fixo en toda Galicia e aquí non ía ser menos. Ou pensas que sí?

2 Espero que se teña en conta precisamente iso, o patrimonio, pero a ver como cambian a ubicación dos muiños despois de haber feito as medicións durante todos estes anos. E iso non garante que cando vai reventar o monte non leven por diante nada.

3 Eu non presenteí ningunha alegación nin pertenzo a ningunha asociación aínda que poida simpatizar como é evidente.

Falar de que temos as mesmas orportunidades os que vivimos debaixo da groba e os que viven arriba é unha falacia. Igual que o que traballar nun bar de Baiona ao que traballa na canteira da Campa do courel o que traballa en baiona ten alternativas o que traballa no courel non. O que traballa en Baiona pode ir ao médico de urxencias, o que traballa no courel ten que rezar para pasar a noite. Eso é ao que chamo salario do silencio, ao que se escudan moitas das iniciativas desta xunta bicéfala que pariu galicia.

O tema de infraestrutura, adsl, luz, e todo iso é falar de igualdade de oportunidades. Non son luxos. E iso é o que veñen prometendo algunhas promotoras do ladrillo e tamen algunhas promotoras do vento. Por iso non é mezclar churras con merinas. E unha realidade do rural galego, onde as empresas promente o que precisamente lle debería garantir o estado. E moitos veciños son enganados e mesmo ceden as súas terras. E se non mira o caso de Friol e preguntalle aos veciño cal foi o contiño que lles prometeron. E agora ninguén sabe nada do asunto.

9 A túa postura fronte a que os veciños non poden decidir nada é tan egoísta como a posición das CCMM. Agora encaixa todo. O monte é voso e non de de Fenosa. Ta che bo o conto. E vos sodes os xestores do monte. Menudo nivelaso. Acaso os comunierios vos creedes donos de todo onde vos alcanza a vista. se vos sodes uns iluminados no desenvolvemento industrial iniciade outro tipo de proxectos que non reventen o monte e dade traballío a xente deses lares da groba para que non marchen de ahí. Porque abrir pistas polo monte, e meter canalizacións de formigón para levar a corrente, baixar o tendido de alta tensión por Gondomar, non parece ser un xeito de defender o monte. O que pase que tocoubos nacer nun sitio privilexiado pero iso non quere dicir que o poidades reventar ao voso gusto. Iso xa non vos pertence, nin a nos tampouco. Pertence ao futuro.

Repsecto o parque eólico de camiña. Non comparemos dito parque porque non é comparable nin o monte nin o tipo de muiños. E falamos de que aquí se van a facer máis parques dentro dese área e quen queira meter a cabeza baixo terra para non velo, que non o vexa. E quen o defende unha de dúas ou é ignorante ou ten outro tipo de interese. evidentemente económico. Se argumentades que o parque eólico é fonte de riqueza presentade un resultado de contas alternativo onde un parque natural sexa PEOR que e NON ALTERNATIVO a un parque natural. A ver si casan as cifras.

Pensas que a colonia de cabalos salvaxes da groba non vai mermar cun parque eólico? Claro falar de que queden 500 calabalos igual para uns resulta moito cabalo de dios, pero si dixéramos que antes na groba había fai 20 anos 5000 cabezas de cabalo de pura raza galega únicos. pois que queres que che diga. Afecta. E se non hai cabalos non hai tradición, e os curros tamén acabarán por desaparecer, pero claro un curro atrae menos turistas que un muiño de vento. Pois nada, seguíde así, que vasde por bo camiño.

=====

Patrimonio

Publicado por María - 12-11-E 09:44:51

Escrito por María

Es decir, que si las asociaciones o SOS Groba no pusieran de manifiesto que allí hay más patrimonio de lo que se asegura en el proyecto, a estas alturas estaría todo destrozado. Uff, pues menos mal, ya me quedo más tranquila sabiendo que las comunidades de montes defienden su propio monte y son conocedores de todo el valor que tienen. Ojalá siga habiendo más SOS Groba que desvele la incompetencia e ignorancia de algunos. Ojalá.

=====

Coñecemento

Publicado por EU - 12-11-E 17:30:25

Escrito por EU.

Claro que o os parques de máis de 50 MW son competencia do estado, pero este é de 48 (agradezo a corrección) e chamase Albariño I (antes Torroña I) e había outro proxectado, o Albariño II (antes Torroña II) que polas noticias que eu teño, coido que non se vai levar adiante, e é unha pena, por que este sería o que "afectaría" a CM que eu pertenezco e que nos posibilitaraia levar adiante, cos ingresos xerados, outros proxectos como os que ti apuntaches.

Digo isto, por que sigues mentindo cando dis ..."logo virá o segundo, terceiro, e así sucesivamente". Non non van vir máis, como moito o Albariño II, que si estaba previsto xa, non é ningunha novidade e ademais, todas as CCMM afectadas están ao tanto, pero como dixen, posiblemente non se leve adiante.

Eu non falei das mesmas oportunidades, falei de que estamos igual de explotados. Tampouco teñen as mesmas posibilidades un veciño de Monforte, que ten hospital comarcal, servizos, etc... cun veciño de Baiona.

Respeito as liñas de alta que van vir polo monte non é novo, fai moitos anos que Fenosa ten o borrador do proxecto feito, chegará a O Rosal, a unha subestación que hai neste concello. O cal, me fai retomar un tema xa comentado. Cada vez consumimos máis enerxía eléctrica e as liñas actuais non son suficientes para abastecer o consumo, daí que te dixera que a todos nos beneficia, guste ou non, recoñezase ou non.

Como que é egoísta que eu defenda que as decisións nunha CM as tomen os comuneiros?. Digo eu o que tes que facer ti na túa casa?. Decido eu as posicións de SOS Groba?, non verdade, por que?, pois por que eu non vivo na túa casa e non pertenzo a SOS Groba, son eles quen deciden, faltaría máis.

As CCMM son ENTIDADES PRIVADAS, e se queredes participar, están abertas a participación de todas as persoas que vivan na parroquia X. Ademais fai falla mais de xente nova, con inquietanzas e que traballe, que ideas temos todos.

Por certo, a CM a que pertenzo, dalle traballo a unhas 12 persoas todo o ano. E é só dunha parroquia.

A Serra D'Arga é comparable a Serra da Groba, en todo. Moito máis comparable que co Courel, tanto pola climatoloxía, como pola paisaxe, polos espazos, patrimonio, etc..notase que non a coñeces, eu si.
E o parque eólico vemolo máis dende esta beira do Miño que na propia serra d'Arga.

Penso que non ten por que mermar a colonia de cabalos por mor do parque eólico, non, claro que non.

A resposta dala ti mesmo. De fai 20 anos pra ca, mermou de 5000 a 2500 cabezas aproximadamente. Foi polo parque eólico? Non. Cales son logo as razóns? Non serán que a xente nova pasa de criar cabalos e vaise a vivir para a Guarda ou Baiona? Ao mellor e que aos "señoritos" que visitades os fins de semana a Groba no voso 4x4 gustabos ver os cabaliños pastar no monte, para sacar unha foto, pero manter os cabalos no monte, da o seu traballo, e hoxe hai xente que non está disposta a facer ese traballo e prefire ir traballar de camarero a Baiona ou ser peón da construción, aínda sendo explotado, por que despois da súa xornada laboral de 8+2 horas ou máis, vai pra súa casa e non se preocupa da máis nada. A gandeiría eche moi exclava amiño, e algúns estamos cansos xa.

Ahí, por fin

Publicado por Pinto - 12-11-E 17:33:22

Pero ti pensas que 2 millóns de metros cadrados só para 21 muiños. Home por favor. Pero está ben que adiantes públicamente o que outros non queren dicir. Hai proxectado outro parque eólico, seguindo a estratexia do resto dos parques esólicos de Galicia. Moi ben. E dis que seguramente. Iso que re dicir que pode ser un SI.

Si ten as mesmas oportunidade un veciño de Baiona e un de Monforte, é máis coido que un veciño de Baiona ten máis posibilidade sanitarias. Centro de urxencias, UVI móbil, e hospitais en Vigo que dispoñen de máis medios que un comarcal.

Se por liñas de alta tensión por todo o Val é mellorar o sistema enerxético, válgame dios. Mellorar sería aplicar un proxecto de auto abastecemento comarcal, e non de xeración de enerxía para exportación.

Eu tampouco digo o que tes que facer tí na túa casa, pero as CMM ao contrario que a miña casa, teñen leis. O regulamento da Lei de Montes Veciñais en Man Común do 92 establece que os montes en man común poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, logo de informe da Consellería de Agricultura,

Gandería e Montes, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servicios ou outros fins que redunden en beneficio directo da comunidade de veciños, sempre que de tal cesión se derive un ben público ou social ou que redunde de modo principal en beneficio dos veciños (artigo 5). Este artigo deixa ben claro que si a Consellería de Agricultura non considera que un parque eólico sexa un ben público, nada podedes decir as CCMM, por moito que vos pese.

A Lei de Montes do 43/2003 establece como obxecto da mesma garantir a conservación e protección dos montes, promovendo a súa restauración, mellora, sostenibilidade e aproveitamento racional, apoiándose na solidariedade colectiva e a cohesión territorial. Alguén pode considerar que “repoboar” unha zona queimada con muiños de 125 metros de altura é dalgunha maneira unha restauración, mellora ou aproveitamento racional do monte?

Cantos postos de traballo coidas que pode dar un parque natural na erra da Groba?

A merma dos cabalos non foi efectivamente polo parque eólico, se non porque están a quedar sen pasto, e a erosión que sofre a groba por falta de arbolado, que curiosamente arde espontaneamente, provoca un paisaxe cada vez máis árido, de terra e pedras.

Se prefire ir a traballar a Guarda e Bainoa é precisamente porque nin a CCMM nin a administración local ofrece alternativas á xente nova. Pregúntalles tí se querrían traballar nun parque natural, ou montar o seu propio negocio de hostelería rural, etc... pregúntalles a ver que tal.

A ganderiría e exclava polo seu mal plantexamente. Unha ou 2 persoas non poden estar ao fronte dunha gandería. Eso é inviable. E se non sabemos, copiemos os modelos de fora. Holanda, suiza, Alemaña e vexamos como levan a gandería.

no me cuadra la suma

Publicado por Marcos - 12-11-E 17:44:25

si uno de 50 MW es competencia de la administración central. 48+ 48 MW = 94 MW. Esto es un fraude claramente. Ahora entiendo el beneficio. Un aprque eólico de 21 non da mucho dinero pero 2 , la cosa ya cambia. vaya vaya....al final todo se sabe. tarde o temprano se va descubriendo el pastel.

Nin 1 nin dous

Publicado por Carlos - 12-11-E 17:44:56

nin un nin dous ahi 3 proxectos de parque eólicos de menos de 50 MW. Pero un deles xa foi desestimado. ao mesmo que os muiños que se ían colocar no monte que está enriba do mosteiro de Oia, e xa foi desestimado por afección á paisaxe. E o outro, o de Loureza coio que era, foi desestimado por afectar á rede natura, Isto dito polo director xeral de industria o outro día en Vigo. Que madna carallo, fai unha reunión para falar do parque eólico da Groba en Vigo. Estes do bloque sonche dun señorito.

perspectiva

Publicado por Anduriña - 12-11-E 17:45:46

Si sólo somos capaces de ver os euros que van a producir a implantación de ises muiños na Groba e que ou nestamos cegos ou fállanos moita información. Quen diga que a implantación dise parque non vai afectar a todo o continente e contido da Groba, creo que está moi condicionado polo diñeiro, e contra iso pouco podemos facer. O que non quere ver, está no seu dereito pero hai que ser máis sensíbel e non deixarse levar polo prezo que che están a pór.

Os cabalos van a desaparecer na súa maioría por deixadez e falla dun programa de desenvolvemento. Todo o uso do monte e as costumes da xente mudou e, consecuentemente o que non é rendíbel, desaparece. Mais, temos que ficar parados ou podemos facer algo. A serra da Arga e preciosa e non comparabel coa Groba que tamén o é. Cada unha ten as súas características e coido que a Groba está moito máis en perigo pola súa situación xeográfica e social. Sería longo explicalo, pero as sociedades que as habitan ou posúen son parecidas pero distintas. Os intereses tamén.

Ao que asina como eu, decirlle que respecto os seus comentarios, aínda que non os comparto. Agora, o que me parece fatal e que insulte e desprezie aos que nos preocupamos por defender honestamente unha postura. Non impomos nada, só informamos e damos o noso parecer e por suposto non mentimos, nin manipulamos. Non é isa a maneira de proceder cando se quere ser honrado. Podo afirmar que moitas comunidades si minten e manipulan, pero tamén direi que non todas, e non se trata de desprestixiar a ninguén, nin de bos e malos. pareceres e posicións que en democracia son as que moven ao mundo para tentar acadar posturas que nos beneficien a todos, non só a uns poucos. Habería que analizar en donde meten o diñeiro as comunidades e como mo producen - e as consecuencias que nos trae a todos - Pero, igual se ofende alguén e non é nin o momento nin a intención. A enerxía é un negocio que move millóns e ten a países inteiros escravos pola súa explotación (iraq, afganistan, irán, entre outros). Hai moitos modos de facer unha explotación, producir beneficios e conseguir melloras para a xente. E tamén todo o contrario, que é o que veñen facendo as empresas que dominan o mercado enerxético en España (Fenosa entre elas)

=====

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por marcelino - 12-11-E 18:35:33

Pinos, eucaliptos, vallas, pistas y ahora molinos de viento
"SU" monte, el de los comuneros

Creo que el monte debería ser de todos, no sólo de los comuneros.

Repoblarlo con especies autoctonas y procurar regenerar el bosque salvaje gallego. Pudiendo así disfrutar todos de él con sentidíño.

Es posible, sólo hay que hacer que no prevalezcan los intereses economicos de unos pocos sobre el interés de la mayoría de los gallegos

=====

Re: no me cuadra la suma

Publicado por eu - 12-11-E 19:50:34

Marcos escribiu:

si uno de 50 MW es competencia de la administración central. $48 + 48 \text{ MW} = 94 \text{ MW}$. Esto es un fraude claramente. Ahora entiendo el beneficio. Un aprque eólico de 21 non da mucho dinero pero 2, la cosa ya cambia. vaya vaya....al final todo se sabe. tarde o temprano se va descubriendo el pastel.

Mira o seguinte comentario ao teu, aí tes a resposta. Aínda que que eu saiba só hai dous proxecto, Albariño I e II, e como ben te di, este segundo xa está desbotado. Vades de tan enterados e non sabíades nada dos 2 proxectos, que son dedominio público dende fai anos?

=====

Re: Nin 1 nin dous

Publicado por eu - 12-11-E 19:54:51

Carlos escribiu:

nin un nin dous ahi 3 proxectos de parque eólicos de menos de 50 MW. Pero un deles xa foi desestimado. ao mesmo que os muiños que se ían colocar no monte que está enriba do mosteiro de Oia, e xa foi desestimado por afección á paisaxe. E o outro, o de Loureza coio que era, foi desestimado por afectar á rede natura

Logo parece que non é tan fácil poñer os parques eólicos e que a lexislación cúmprese e que a actual Dirección Xeral do Patrimonio sí actua. Por certo non tiña esta información dos 5 muiños, o cal me parece ben.

Eu non estou por por muiños por que si e en calquera caso, só, se se cumpre coa legalidade. E se é así, por que non aproveitar eses rendimentos? Por que non comapxinalos con outras formas de explotación do monte e os seus recursos como os apuntados por Pinto? Por que?

=====

Re: no me cuadra la suma

Publicado por Pinto - 13-11-E 07:43:36

EU escribiu:

Decir que se van colocar 80 muiños en diferentes fases é unha falacia, pois sabedes que a autorización que lles da a Xunta é para unha potencia determinada, creo que para este parque, 43 MW, e iso non da para 80 muiños.

Mira o seguinte comentario ao teu, aí tes a resposta. Ainda que que eu saiba só hai dous proxecto, Albariño I e II, e como ben te di, este segundo xa está desbotado. Vades de tan enterados e non sabiades nada dos 2 proxectos, que son dedominio público dende fai anos?

Estimado comuneiro/a:

foches ti o que fai uns días dixeches que o de colocar 80 muiños non era verdade. Pois tí dirás. Con tres parques eólicos como había proxectados a min sáenme a máis de 21 muiños que asegurabas. Quen di falacias ou medio verdades aquí?

Re: Nin 1 nin dous

Publicado por Pinto - 13-11-E 07:57:37

Logo parece que non é tan fácil poñer os parques eólicos e que a lexislación cúmprese e que a actual Dirección Xeral do Patrimonio sí actua. Por certo non tiña esta información dos 5 muños, o cal me parece ben.

Eu non estou por por muños por que si e en calquera caso, só, se se cumpre coa legalidade. E se é así, por que non aproveitar eses rendimentos? Por que non comapxinalos con outras formas de explotación do monte e os seus recursos como os apuntados por Pinto? Por que?

Por favor, fainos sabedores e coñecedores distas couas que algúns non damos coñecemento a entender. Dinos, destas normativas e leis que vou por seguidamente, cómo é posible que as cumpla o parque eólico?

A Lei de Montes 43/2003 (de ámbito estatal), de 21 de Novembro no seu Artigo 50 (Mantenimiento y restauración del carácter forestal de los terrenos incendiados) onde di:

1. Las comunidades autónomas deberán garantizar las condiciones para la restauración de los terrenos forestales incendiados y queda prohibido:

- a) El cambio de uso forestal al menos durante 30 años.
- b) Toda actividad incompatible con la regeneración de la cubierta vegetal, durante el período que determine la legislación autonómica.

Con carácter singular, las comunidades autónomas, podrán acordar excepciones a estas prohibiciones siempre que, con anterioridad al Incendio forestal, el cambio de usos estuviera previsto (...)

Esta lei afirma, no seu artigo 2º (Ámbito de aplicación), que é de aplicación a todos os montes españois, especificando no seu apartado primeiro que "en el caso de los montes vecinales en mano común, esta ley es aplicable sin perjuicio de lo establecido en su legislación especial".

O fraccionamento de proxectos da mesma natureza realizados no mesmo espazo físico é algo que vulnera a legalidade. O proxecto presentado a exposición pública debería ser o proxecto global de instalación de aeroxeradores nas diferentes fases que se pretenden levar a cabo.

Sin entrar xa en temas por exemplo de afección patrimonial grave, ou vulneración de directivas europeas en canto a hábitats, etc.... como a afección ás turbeiras únicas en Galicia e que só se atopan na Groba.

Dinos se iso é cumprir a legalidade vixente.

Grazas

Re: no me cuadra la suma

Publicado por eu - 13-11-E 13:14:36

Pinto escribiu:

EU escribiu:

Decir que se van colocar 80 muiños en diferentes fases é unha falacia, pois sabedes que a autorización que lles da a Xunta é para unha potencia determinada, creo que para este parque, 43 MW, e iso non da para 80 muiños.

Mira o seguinte comentario ao teu, aí tes a resposta. Aínda que que eu saiba só hai dous proxecto, Albariño I e II, e como ben te di, este segundo xa está desbotado. Vades de tan enterados e non sabiades nada dos 2 proxectos, que son dedominio público dende fai anos?

Estimado comuneiro/a:

foches ti o que fai uns días dixeches que o de colocar 80 muiños non era verdade. Pois tí dirás. Con tres parques eólicos como había proxectados a min sáenme a máis de 21 muiños que asegurabas. Quen di falacias ou medio verdades aquí?

Estimado Pinto:

E manteño o dito, pois só se vai levar un parque adiante. Ti mesmo o dis na tua resposta, "...habia proxectados..." e a eso me referin. Fuches ti quen dixestes que se ian facer "dous, tres,". Polo tanto es ti quen di falacias.

Re: Nin 1 nin dous

Publicado por eu - 13-11-E 13:18:44

Pinto escribiu:

Logo parece que non é tan fácil poñer os parques eólicos e que a lexislación cúmprese e que a actual Dirección Xeral do Patrimonio sí actua. Por certo non tiña esta información dos 5 muiños, o cal me parece ben.

Eu non estou por por muiños por que si e en calquera caso, só, se se cumpre coa legalidade. E se é así, por que non aproveitar eses rendimentos? Por que non comapxinalos con outras formas de explotación do monte e os seus recursos como os apuntados por Pinto? Por que?

Por favor, fainos sabedores e coñecedores distas couas que algúns non damos coñecemento a entender. Dinos, destas normativas e leis que vou por seguidamente, cómo é posible que as cumpla o parque eólico?

A Lei de Montes 43/2003 (de ámbito estatal), de 21 de Novembro no seu Artigo 50 (Mantenimiento y restauración del carácter forestal de los terrenos incendiados) onde di:

1. Las comunidades autónomas deberán garantizar las condiciones para la restauración de los terrenos forestales incendiados y queda prohibido:

- a) El cambio de uso forestal al menos durante 30 años.
- b) Toda actividad incompatible con la regeneración de la cubierta vegetal, durante el período que determine la legislación autonómica.

Con carácter singular, las comunidades autónomas, podrán acordar excepciones a estas prohibiciones siempre que, con anterioridad al incendio forestal, el cambio de usos estuviera previsto (...)

Esta lei afirma, no seu artigo 2º (Ámbito de aplicación), que é de aplicación a todos os montes españois, especificando no seu apartado primeiro que "en el caso de los montes vecinales en mano común, esta ley es aplicable sin perjuicio de lo establecido en su legislación especial".

O fraccionamento de proxectos da mesma natureza realizados no mesmo espazo físico é algo que vulnera a legalidade. O proxecto presentado a exposición pública debería ser o proxecto global de instalación de aerogeradores nas diferentes fases que se pretenden levar a cabo.

Sin entrar xa en temas por exemplo de afección patrimonial grave, ou vulneración de directivas europeas en canto a hábitats, etc.... como a afección ás turbeiras únicas en Galicia e que só se atopan na Groba.

Dinos se iso é cumprir a legalidade vixente.
Grazas

Esperemos polo informe da Dirección Xeral de Montes sobre esta cuestión e non adiantes acontecementos.

O Plan Eólico é moi anterior aos incendios, se xuridicamente se entende que iso e ter previsto o cambio de uso é perfectamente legal, se se entende que non non é legal. Punto.

Respeito ao fraccionamento, ao levarse un só parque adiante, non existe tal fraccionamento.

Vaste aclarando?

=====

Re: no me cuadra la suma

Publicado por Pinto - 13-11-E 18:37:41

eu escribiu:

Estimado Pinto:

E manteño o dito, pois só se vai levar un parque adiante. Ti mesmo o dis na tua resposta, "...habia proxectados..." e a eso me referin. Fuches ti quen dixestes que se ian facer "dous, tres,". Polo tanto es ti quen di falacias.

eu escribiu:

Esperemos polo informe da Dirección Xeral de Montes sobre esta cuestión e non adiantes acontecementos.

O Plan Eólico é moi anterior aos incendios, se xuridicamente se entende que iso e ter previsto o cambio de uso é perfectamente legal, se se entende que non non é legal. Punto.

Respeito ao fraccionamento, ao levarse un só parque adiante, non existe tal fraccionamento.

Vaste aclarando?

Vamos a ver si nos centramos.

Había, e hai. Ou acaso os rechazaron as CCMM?.

O único que seica é inviable é o terceiro, que tocaba a parte de Loureza e quedou afectado por culpa dunha futura ampliación de Rede Natura.

Co cal, sí. Hai dous proxectos de parques eólicos, un con cartos enriba da mesa. O outro pendente, aínda está pendente de que os poñan na mesa.

Eu non adiantei acontecementos amigo meu. Cartos tampouco. Diso estou certo.

O que é, é. E se é unha infracción cruzar un semáforo en vermello, o é, aínda que esta pendente de valoración. Pero a priore sabes que estas a meter a pata nalgo. E nisto o mesmo, o que pasa que é mellor calar non vai ser que salte a lebre :laugh:

o tema do lume, dí que non se pode recalificar un monte depois dunha queima. E o monte polo de agora ten o mesmo uso que tiña fai 10 ou 20 anos. Unha recalificación do uso de ese chan é o que intenta prever esa lei, para que ninguén lle prenda lume ao monte e logo diga que como xa non hai pasto nin árbores, chantamos un hotel enriba. Como ocorría antes.

E vos teríades que ter claros ese puntos, porque se non, como vades a valorar semellante actuación. Para vos cumples eses puntos ou non?.

Porque si é non, xa está claro a favor do que estades, do parque eólico por riba de todos estes puntos. É ou non é

compañero?

Re: no me cuadra la suma

Publicado por eu - 13-11-E 22:21:20

Pinto escribiu:

eu escribiu:

Estimado Pinto:

E manteño o dito, pois só se vai levar un parque adiante. Ti mesmo o dis na tua resposta, "...habia proxectados..." e a eso me referin. Fuches ti quen dixestes que se ian facer "dous, tres,". Polo tanto es ti quen di falacias.

eu escribiu:

Esperemos polo informe da Dirección Xeral de Montes sobre esta cuestión e non adiantes acontecementos.

O Plan Eólico é moi anterior aos incendios, se xuridicamente se entende que iso e ter previsto o cambio de uso é perfectamente legal, se se entende que non non é legal. Punto.

Respeito ao fraccionamento, ao levarse un só parque adiante, non existe tal fraccionamento.

Vaste aclarando?

Vamos a ver si nos centramos.

Había, e hai. Ou acaso os rechazaron as CCMM?.

O único que seica é inviable é o terceiro, que tocaba a parte de Loureza e quedou afectado por culpa dunha futura ampliación de Rede Natura.

Co cal, sí. Hai dous proxectos de parques eólicos, un con cartos enriba da mesa. O outro pendente, aínda está pendente de que os poñan na mesa.

Eu non adiantei acontecementos amigo meu. Cartos tampouco. Diso estou certo.

O que é, é. E se é unha infracción cruzar un semáforo en vermello, o é, aínda que esta pendente de valoración. Pero a priore sabes que estas a meter a pata nalgo. E nisto o mesmo, o que pasa que é mellor calar non vai ser que salte a lebre :laugh:

o tema do lume, dí que non se pode recalificar un monte depois dunha queima. E o monte polo de agora ten o mesmo uso que tiña fai 10 ou 20 anos. Unha recalificación do uso de ese chan é o que intenta prever esa lei, para que ninguén lle prenda lume ao monte e logo diga que como xa non hai pasto nin árbores, chantamos un hotel en riba. Como ocorría antes.

E vos teríades que ter claros ese puntos, porque se non, como vades a valorar semellante actuación. Para vos cumple eses puntos ou non?.

Porque si é non, xa está claro a favor do que estades, do parque eólico por riba de todos estes puntos. É ou non é compañeiro?

Habia e hai? en que quedamos, fuches ti quen dixeches que habia.

Pois eu non son xurista para saber si o Plan Eólico, que é anterior aos lumes, se pode entender como un cambio de uso, e polo tanto, entre dentro das excepcións que a lei de montes prevé. Se nono é, eu estou moi tranquilo, non se fai o parque e punto. En nin gano nada nin perdo nada, en todo caso, ganamos ou perdemos todos.

De todos xeitos, neste punto, hai que ter moito coidado, pois alguén pode entender que os montes arderon para que non se levara adiante o parque eólico, que tamén é posible, ou non?

Re: no me cuadra la suma

Publicado por Pinto - 13-11-E 23:01:50

Ahí che dou toda a razón EU. Ter coidado porque se pode entender que os montes arderon para que non se levara adiante o parque eólico, ou ao revés, dado que o terreo está queimado e arrasado e non hai posibilidade de outro uso

do chan, un parque eólico non afectaría xa tanto. ou non?

=====

Re: no me cuadra la suma

Publicado por eu - 14-11-E 14:50:40

Pinto escribiu:

Ahí che dou toda a razón EU. Ter cuidado porque se pode entender que os montes arderon para que non se levara adiante o parque eólico, ou ao revés, dado que o terreo está queimado e arrasado e non hai posibilidade de outro uso do chan, un parque eólico non afectaría xa tanto. ou non?

Efectivamente, vexo que por unha vez estamos de acordo. Pero cos argumentos sobre o lume, hai que ter cuidado como se utiliza, por que pode queimar, en ambos os dous sentidos.

Saúdos, un placer discutir contigo

=====

Re: no me cuadra la suma

Publicado por Pinto - 16-11-E 08:05:01

isto sí é un aproveitamento racional do monte. O modelo de xinzo debería ser un modelo a seguir por todas as comunicades de montes, onde realmente se demostra que o monte poder dar emprego e riqueza ás poboacións rurais.

A Xunta apoia con 193.000 euros o proxecto de biomasa de Xinzo

Medio Rural destinará 193.000 euros para a execución do proxecto de aproveitamento de biomasa forestal no monte de Xinzo, en Pontearreas. O custo total do proxecto será de 321.000 euros e pretende apoiar esta iniciativa, que queren estender ao resto de municipios de Galicia. Medio Rural achegará tamén o equipamento necesario para a planta e difundirá a experiencia entre expertos e o sector. Este apoio forma parte dun plan máis ambicioso no que se inclúe o apoio a outras sete plantas para as que se dedicará un total de seis millóns de euros a repartir en tres anos. A intención é que este modelo de aproveitamento da biomasa esténdase por Galicia en 2008.

=====

Lei de Montes

Publicado por baionaconsciente - 19-11-E 15:40:17

Non hai discusión sobre se se queima o monte para que se faga ou non. Cáseque nadie sabía do proxecto, a pesares de que se levan máis de 10 anos tomando medións do vento na zona.

O deixa ven claro a exposición pública da Xunta. Trátase dunha declaración de ben de interese público e iso se salta todos os supostos da Lei do Monte.

=====

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por Pinto - 19-11-E 22:14:47

Vou achegar un documento que me chegou hoxe polo emilio.
A ver que opinades.

BASES PARA A TRAMITACIÓN E XESTIÓN AMBIENTAL DOS PARQUES EÓLICOS DE GALICIA

Páxina 64

Medio cultural e etnográfico

Os recursos culturais e etnográficos non son renovables, e isto, por se mesmo, constitúe o motivo de que se

consideren especialmente importantes.

Nalgúns proxectos o principal inconveniente para o seu desenvolvemento estriba no impacto que causan sobre os recursos culturais, tanto arquitectónicos, como lugares históricos, xacementos arqueolóxicos ou áreas de importancia singular pola información ecolóxica, científica ou xeolóxica que conteñen.

Por esta razón o estudo do medio cultural e etnográfico debe incluír ademais dos límites estritos da área de proxecto, as zonas lindantes, xa que poden verse afectadas polas actuacións realizadas.

Incluirá tamén as actividades de carácter recreativo ou turístico, así como festas e tradicións.

Dependendo das características do proxecto e a súa localización, frecuentemente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural require o desenvolvemento dunha prospección arqueolóxica superficial intensiva, de acordo co establecido no Decreto 199/1997, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo modo pode pedir un inventario exhaustivo do patrimonio cultural afectado, obtido como resultado da recollida de datos bibliográficos e do traballo de campo.

Para determinar con precisión o obxectivo dos estudos arqueolóxicos conducentes á elaboración dun EsIA, parécenos oportuno recorrer ó concepto de arqueoloxía preventiva que xa se utiliza nalgunhas lexislacións, a esencia do devandito concepto consiste en describir a realidade de calquera posible xacemento arqueolóxico e a súas manifestacións superficiais, garantindo a súa inalterabilidade.

En consecuencia, dentro do estrico marco dos estudos ambientais orientados á implantación de parques eólicos, consideramos que todo estudo arqueolóxico debe conter os seguintes apartados:

- Descrición e delimitación do ámbito de información.
 - Plano de situación.
 - Planta xeral indicando as zonas sensibles.
 - Fotografías do estado actual.

- Antecedentes históricos e arqueolóxicos da zona estudada.
- Metodoloxía e técnicas aplicadas, con expresa indicación de se responden a un protocolo determinado de actuación.
- Medidas de protección e consolidación do patrimonio.

Equipo redactor

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL:

José Manuel Álvarez-Campana Gallo

Ángel Antonio García Arias

Jesús Santamarina

José Luis García Ares

ASOCIACIÓN EÓLICA DE GALICIA:

Enrique Anchústegui Quintela

Fernando Quirós González

María Luz Lozano Cerezo

Victoria Villoch Vázquez

Aitxiber Céspedes Casero

Edita

Consellería de Medio Ambiente

Asociación Eólica de Galicia

Depósito Legal

C-0000-2004

© da edición: Xunta de Galicia e Asociación Eólica de Galicia

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por homo sapiens miñoensis - 24-11-E 08:52:41

E mentres as Comunidades de Montes fregan as mans esperando a que lle cheguen os 8000 € por aerogenerador que fixeron dende que se queimou o monte para rexeralo? En Oia volven ter problemas coas inundacións por culpa, según din do mal estado do monte, e en Baiona advirten de que poderían volver a ter problemas en Sabarís.

Ó mellor é que pensan usar os muiños de vento como secadores de pelo para secar os barrios que se inundan.

En menudas mans estamos en pleno século 21 !!!!!!! pero como sempre: TEMOS O QUE NOS MERECEMOS.

=====

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por Homo sapiens miñoensis - 01-03-E 11:22:14

A verdade é que a capacidade de sorprenderse coas noticias e superada día a día.

Hoxe (01/03/08) publícase en El País, que as grandes fortunas galegas tratan de repartirse o novo Plan Eólico (2.000 novos muíños de vento para os próximos anos) e o máis curioso é que din que confían en que o BNG lles favoreza fronte ás eléctricas foráneas.

Parece que estas empresas amosasn certa complicidade coa filosofía nacionalista, pero simplemente se trata dunha cuestión mercantilista. Non se trata de que lles importe Galicia, trátase de intentar convencer de que as empresas, supostamente galegas teñan, a patente para depredar o seu país. Digo empresas supostamente galegas porque saben, coma nós, que os grandes capitais non teñen fronteiras neste mundo globalizado. ¿Cómo contribúen á mellora da calidade de vida de Galicia estas grandes fortunas empresariais? Si conseguisen responder a esta pregunta quizás poderíamos medir o grao de galegas que son. Ó mellor se reflexionásemos un pouco, nos daríamos conta que RENFE como empresa que desenvolve un dos transportes públicos máis sostibles podería contribuir en maior medida a un incremento da calidade de vida dos galegos que as que pretenden secuestrar o vento e que agora resulta que son de corte nacionalista.

Resulta chamativo que no mesmo día que se celebra o día da arribada en Baiona e comenzaba a concepción dun mundo globalizado, nos veñan a falar de localismos anacrónicos e argumentos que só poden convencer a políticos mediocres ou corruptos.

Se de verdade os políticos tiveran un mínimo de sentidiño e responsabilidade non permitirían, en nome do desenvolvemento sostible e a aposta polas enerxías renovables, desfacer o territorio como o están facendo. Se de verdade as multinacionais "galegas" se preocupasen por Galicia apostarían por unha explotación racional dos recursos enerxéticos renovables, sen destruíla paisaxe, sen destruír o patrimonio, sen destruír o territorio, garantindo unha mellor eficiencia das infraestruturas eléctricas, contribuíndo a un menor consumo enerxético, investindo na eficiencia dos aparellos eléctricos, pero sobre todo dando un servizo eléctrico de calidade

=====

Re: Parques eólicos ... por tierra már y aire.

Publicado por anduriña - 02-03-E 09:53:23

Será a partires do día 9 de marzo - que casualidade- cando comeze a carreira para levarse o trozo máis grande do pastel das eólicas. Si se analiza un pouco polo muido o tema e para botarse a chorar, pois non é facil de entender que o discurso da necesidade de máis enerxía para consumir se faga a costa do valor máis importante que temos, a natureza. Co discurso das enerxías renovables metese a machado unha fenda na paisaxe e na natureza que non vai a ter cura. Isa moda de minimizar os impactos en aras de grandes beneficios, non é toloerable por calquera que se diga ou se teña por un chisco intelixente e minimamente sensible. Agás, claro, os que son capaces de venderlle a súa vida ao díaño por un puñado de euros, que polo que se ve, inzan coma os fungos cando se súa codicia.

Xa SOS a Serra da Groba da algunha opinión no seu Blog, www.sosagroba.blogspot.com

Botádelle unha ollada e opinade.:S :angry:
